

INSTRUCCIÓN RELATIVA AOS DÍAS DE ASUNTOS PARTICULARES DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DURANTE O ANO 2018.

O artigo 48 k) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, establece que o longo do ano os empregados públicos terán dereito a gozar ata seis días por asuntos particulares, sen prexuízo da concesión dos restantes permisos e licenzas establecidas na normativa vixente.

No punto 9.8 da Resolución de 28 de decembro de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se ditan instruccións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e o seus organismos públicos, habilita a incorporar nos calendarios laborais, cada ano natural, un día de permiso cando algunha ou algunas festividades laborais de ámbito nacional de carácter retribuído, non recuperable e non substituíbles polas Comunidades Autónomas, coincidan con sábado o devandito ano.

Polo tanto, en exercicio das competencias asignadas, esta Reitoría dispón que o persoal docente e investigador terá dereito a gozar dun día adicional de permiso durante o ano 2018 por coincidir en sábado o día 8 de decembro, festividade laboral de ámbito nacional de carácter retribuído, non recuperable e non substituíble polas Comunidades Autónomas, sempre que o persoal teña contrato ou nomeamento en vigor na referida data.

Vigo, 27 de febreiro de 2018


O Reitor,

Por delegación R.R. 29/06/2017 (DOG do 10 de xullo)

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado

Por suplencia RR 25/01/2018

O vicerreitor de Economía e Planificación



José Manuel García Vázquez

Universidade de Vigo - Rexistro Xeral
Saída N.º 20180002777
27/02/18 14:09:46

Sr. Xerente

Sres/as Directores/as de Departamento

Sres. Presidentes dos Comités de Empresa do PDI de Ourense e Pontevedra

Sr. Presidente da Xunta do PDI funcionario